



José Rosas
Socio
Autos Rosas



// Sector
Automoción



// Localización
Vigo



// Ano de constitución
1982



// N° empregados
+15

// Descrición da empresa

Autos Rosas nace en 1982 coa intención de ofrecerlles aos amantes da condución unha ampla selección de marcas premium como BMW, Audi, Porsche, Volkswagen e Mercedes-Benz. Despois de 35 anos, contan cun grande equipo de profesionais que tratan as necesidades da súa clientela de forma persoal e única.

Ademais, dispoñen dun servizo integral de posvenda, xa que contan con taller de reparación propio, pneumáticos, revisión de ITV, servizo de limpeza, vehículo de substitución e contratación de seguros. A excelente selección de vehículos, o servizo único e a mellor garantía están presentes en Autos Rosas.

"O programa Re-acciona supuxo para nós ver un futuro nítido e alcanzable coa implicación de todos no día a día"

José Rosas. Socio de Autos Rosas

// Descrición do proxecto

Autos Rosas quería desenvolver o seu plan estratéxico dende a perspectiva de involucrar o persoal, para que todo o equipo puidese ser partícipe na dirección que tería que tomarse de cara a definir as liñas de futuro da empresa.

Desta forma, mediante diferentes reunións, todo o equipo expoñía as súas suxestións ou opinións e proporcionaba diferentes ítems para poder encarar a súa estratexia para os vindeiros anos. Así, todos remarían nunha mesma dirección e estarían 100 % involucrados na liña escollida.






// O resultado

Grazas ás achegas do equipo lograron reestruturar algunhas partidas que destinaban ás accións comunicativas, de publicidade e de marketing. O resultado máis salientable, porén, foi poder facer partícipes a todos os membros da empresa neste proxecto de futuro.

Deste xeito, agora dispoñen dun plan estratéxico para o futuro que conta co apoio de todo o persoal que forma Autos Rosas.

“Grazas ao servizo de desenvolvemento de plans de acción agora temos empregados máis implicados, obxectivos alcanzados e unha visión de futuro máis clara”

José Rosas
Socio de Autos Rosas



// Web
<https://autosrosas.com>



// Vídeo
Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.